

## MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE NIGRÁN, E A "UTE LUGOVE 5", PARA A IMPLANTACIÓN DUN SERVIZO DE INTERESE MUNICIPAL (SIMU)

### 1. Antecedentes

O Convenio entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o concello de Nigrán, renóvase coa finalidade de reforzar a oferta de servizos que xa presta o actual sistema de transporte público de viaxeiros por estrada para satisfacer as necesidades da poboación do dito concello. A actual concesionaria do servizo dispón tamén da facultade de promover a implantación de incrementos de servizo, que deberán ser autorizados pola Administración, para implantar novos servizos que formen parte do obxecto do contrato, como é o caso do servizo de interese municipal (SIMU) obxecto do presente convenio.

### 2. Obxecto

O convenio de colaboración ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre as partes asinantes para dar continuidade á implantación dun servizo de interese municipal (SIMU) coas características recollidas no anexo I do citado convenio e a súa integración no sistema de transporte público de Galicia.

### 3. Finalidade e xustificación

O convenio ten por finalidade dar continuidade á implantación desta medida de fomento da mobilidade sostible e de mellora do transporte público no ámbito territorial do concello asinante.

As políticas públicas de mobilidade que pretenden a redución no uso do vehículo particular, teñen como premisa esencial a potenciación do transporte público como principal alternativa sostible que satisfaga as necesidades de desprazamento da cidadanía. Asemade, a garantía da mobilidade da poboación dentro dos propios concellos considérase como un elemento de contribución para o crecemento e desenvolvemento da





economía local axudando á xeración do emprego e garantindo a sustentabilidade da comunidade.

Nesta liña, constatouse unha necesidade de mobilidade colectiva dentro do concello asinante na que cómpre reforzar a oferta de servizos que xa presta o actual sistema de transporte público de viaxeiros por estrada.

Así, co fin de ofertar un transporte público de viaxeiros que conecte diversos puntos do propio concello e, ao mesmo tempo, sirva de ligazón cos servizos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral que se veñen prestando na actualidade, o 29 de setembro de 2022 foi asinado un Convenio de colaboración para a implantación dun servizo de interese municipal no Concello de Nigrán e a súa integración no sistema de transporte público de Galicia. O citado convenio tiña unha vixencia ata o 31 de marzo de 2026.

Actualmente, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, o Concello de Nigrán e a "UTE LUGOVE 5", prevén renovar a liña de colaboración iniciada en 2022 mediante a formalización dun novo convenio.

Así, o Concello de Nigrán, como xestor dos intereses xerais dos seus veciños e promotor de servizos públicos da máis variada índole, mantén interese en facilitar que a poboación residente no dito concello dispoña dun medio alternativo de mobilidade, de carácter colectivo, que contribúa a reducir a dependencia do vehículo particular, reducindo o seu impacto ambiental e, especificamente, os vinculados coa conxestión viaria e dos espazos urbanos.

A "UTE LUGOVE 5", é a actual concesionaria do servizo de transporte público regular de persoas por estrada de titularidade da Xunta de Galicia XG883, Comarca do Baixo Miño e sur da comarca de Vigo, concesión que inclúe tráfico no termo municipal definido no concello que subscribe o citado convenio.

Mediante resolución do 1 de setembro de 2025, a directora xeral de Mobilidade acordou resolver, por mutuo acordo co concesionario, o contrato de concesión XG883.

No réxime específico de prestación de servizos no período de continuidade establecido na devandita resolución, determinouse expresamente que, no período temporal abranguido entre o día seguinte a aquel no que se formalice a resolución e ata a implantación do novo contrato, o contratista



quedar a obrigado a continuar prestando o servizo SIMU actualmente existente. O 9 de setembro de 2025 formalizouse a dita resoluci n contractual.

Polo que a formalizaci n do citado convenio, materializa e da continuidade   dita obriga preexistente.

#### 4. Aspectos econ micos

A Xunta de Galicia non asumir  ning n custo econ mico derivado da aplicaci n deste convenio. D bese ter en conta que o Concello asumir  os custos derivados co contratista afectado.

En canto   integraci n tarifaria, ao servizo obxecto do presente contrato resultaralle de aplicaci n o sistema de tarifas, bonos e bonificaci ns establecidos para o correspondente contrato de concesi n e, neste sentido, int grase no sistema de bonificaci n que, en cada momento, te a activo a Xunta de Galicia.

O concello promotor asume o importe do d ficit de explotaci n do servizo, nos termos indicados no convenio; neste sentido, incorporase no anexo III unha estimaci n deste importe mais, tendo en conta que no relativo aos datos de demanda a devandita previsi n est mase en todo caso aproximada, as partes asumen expresamente que o c lculo das correspondentes achegas realizarase finalmente tomando en consideraci n os datos reais de usuarios. O importe estimado desta achega   o do seguinte cadro:

EXERCICIO (*)	MESES CONVENIO	IMPORTE TOTAL
2026	9	86.457,47 �
2027	12	115.276,62 �
2028	3	28.819,16 �
<b>Total</b>		<b>230.553,24 �</b>

(\*) A suma de meses do primeiro e terceiro exercicio, ser  igual ou menor a 12.





A xefa do Servizo de Coordinación dos Plans de Transporte

Tania Álvarez Meda

O subdirector xeral de Ordenación do Transporte

Pablo Alejandro Amenedo Bermúdez

A directora xeral de Mobilidade

Judit Fontela Baró (*documento asinado dixitalmente*)

